

Convenio colectivo provincial para a industria de ebanistería e afíns da provincia de Lugo (Ano 2004)¹

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio será de aplicación a todas as empresas da provincia de Lugo, establecidas ou que se establezan no futuro que, rexéndose polo II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira publicado no BOE do 24 de xaneiro de 2002 e tendo os seus centros de traballo na provincia, teñan ao seu servizo traballadores encadrados nas actividades de ebanistería, mobles curvados, fábricas de mobles en serie, carpintaría e carpintaría mecánica, envases e embalaxes, brochas, cepillos, pinces e vasoiras, almacéns de madeira e tapizarías, fábricas de cadaleitos, carpintaría de ribeira e demais actividades de 2ª transformación da madeira previstas no anexo I do II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira. As condicións pactadas neste convenio teñen o carácter de mínimas obrigadas.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

Este convenio terá unha duración de 1 ano, desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2004, con independencia da data de publicación no BOP ou no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 3º.-Comisión mixta paritaria.

Constituirase un comité mixto paritario entre as partes asinantes do Convenio. O citado órgano - integrado por 5 representantes da asociación empresarial asinante e 3 membros de UGT, 1 de CC.OO., 1 da CIG e 1 de USO, igualmente asinantes do convenio- cumprirá as funcións de aplicación do pactado, así coma do seu seguimento. No caso de non chegar a acordo na dita comisión, ambas as dúas partes se someten á competencia do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) e xurisdición competente.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Os traballadores que anteriormente a este convenio gozasen de mellores condicións a as aquí pactadas, poderanse acoller a elas, séndolles respectadas para todos os efectos.

Artigo 5º.-Denuncia.

A denuncia do convenio deberase presentarse cunha antelación mínima de 30 días á data de finalización do convenio por calquera das partes. A ausencia de denuncia deste convenio significará, en todo caso, a súa prórroga por un ano, en iguais termos, salvo no referente á táboa salarial, que se verá incrementada en igual contía ca o IPC anual.

Artigo 6º.-Xornada laboral.

A xornada laboral de traballo queda fixada para o ano 2004 en 1.768 horas ao ano de traballo efectivo, tanto en réxime de xornada continuada coma partida, que se distribuirá de luns a venres, ambos inclusive, salvo nos casos de que entre empresa e traballadores se tome un acordo en contra con respecto ao traballo dos sábados.

Independentemente do anterior, a empresa queda facultada, naqueles supostos en que non se traballe o sábado, para nomear un servizo de urxencia para manter un nivel mínimo de servizos de asistencia ao público, sendo os ditos nomeamentos de carácter representativo. A compensación aos traballadores que traballen en sábado efectuarase de forma horaria con carácter mensual.

As empresas poderán distribuír a xornada establecida no parágrafo primeiro deste artigo ao longo do ano mediante criterios de fixación uniforme ou irregular, afectando a uniformidade ou irregularidade ben a todo o cadro de persoal ou de forma diversa por seccións ou departamentos, por períodos estacionais do ano en función das previsións das distintas cargas de traballo e

¹ Publicado no DOG núm. 149, do 4 de agosto de 2005.

desprazamentos da demanda. En todo caso, a distribución irregular da xornada respectará os topes mínimos e máximos de distribución previstos no artigo 43 do II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira.

Para os efectos dunha mellor organización do traballo, as empresas poderán establecer un calendario anual no cal se recolla a distribución da xornada pactada ao longo do ano.

Artigo 7º.-Vacacións.

O persoal comprendido neste convenio gozará dun período anual de 21 días laborais de vacacións non acumulables a festivos e licenzas, cumpríndose en todo caso os mínimos estatutarios de 30 días naturais de vacacións, preferentemente entre os meses de xuño e setembro.

No primeiro trimestre de ano, as empresas porán en coñecemento de todo o persoal o calendario de vacacións, así como os criterios seguidos para o seu establecemento, téndose especialmente en conta evitar o excesivo fraccionamento das vacacións. Despois da citada exposición, existirá sempre a posibilidade de reaxuste do calendario proposto, ben por medio dun prazo de reclamación daqueles traballadores que sexan prexudicados ou polo establecemento dun acordo entre empresa e traballador.

Salvo no suposto de desfrute de vacacións por mes ou quincena natural, o inicio do período de desfrute de vacacións terá lugar en día laborable, non tendo tal consideración nin os sábados nin os domingos.

Con independencia do anterior, no caso de desfrute de vacacións por períodos de tempo inferiores á quincena, o inicio de desfrute destas tampouco poderá ter lugar os venres.

No suposto de desacordo, observarase o que dispoña a autoridade laboral ou a xurisdición laboral.

Artigo 8º.-Período de proba.

O persoal comprendido neste convenio, para os efectos de establecer a duración dos períodos de proba, observará a seguinte escala:

- Técnicos titulados superiores: 6 meses.
- Técnicos de grao medio ou sen titulación e persoal administrativo cualificados: 2 meses.

-Persoal de oficio e auxiliar administrativo: 1 mes.

-Resto do persoal: 20 días.

Artigo 9º.-Licenzas retribuídas.

O persoal gozará das seguintes licenzas retribuídas:

-15 días en caso de matrimonio.

-2 días por cambio de domicilio na cidade.

-5 días por cambio de residencia fóra do municipio.

-Nos casos de asistencia á consulta do médico de cabeceira da Seguridade Social, coincidindo o horario de consulta co do traballo, polo tempo necesario, débelle presentar o traballador ao empresario xustificante de ter asistido á consulta.

-O tempo necesario nos casos de asistencia á consulta médica de especialista da Seguridade Social cando, coincidindo o horario de consulta co do traballo, prescriba a dita consulta o facultativo de medicina xeral, débendolle presentar o traballador ao empresario o volante xustificativo da referida prescrición médica.

Considéranse non laborables os días 24 e 31 de decembro.

Nos restantes casos, observarase o disposto no cadro de permisos e licenzas recollido no II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira e na lexislación laboral vixente, cadro que se incorpora ao texto deste convenio como anexo I.

Artigo 10º.-Roupa de traballo.

As empresas entregaranlles aos traballadores 2 pezas de roupa anualmente, unha en xullo e outra en decembro. En traballos especiais entregaranse, se fose necesario, as pezas oportunas.

Artigo 11º.-Salarios.

Durante o ano 2004 os salarios serán os establecidos na táboa salarial recollida no anexo II, resultado de aplicar un incremento do 4,2% sobre as táboas do ano 2003, segundo o establecido na disposición adicional única do II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira no referente a incremento salarial e cláusula de garantía salarial para o ano 2004.

Artigo 12º.-Pagas extraordinarias.

Establécese unha en xullo de 30 días, que se pagará antes do 30 de xuño, denominada paga de verán, e outra en decembro, de 30 días, que se aboará antes do 20 do citado mes, denominada paga de Nadal. A contía das pagas mencionadas será de 30 días de salario base máis a antigüidade.

As pagas extraordinarias reguladas neste artigo devengarase por semestres naturais e por cada día natural no que se devengase o salario base.

Artigo 13º.-Premio de xubilación.

Os traballadores que se xubilen con máis de 10 anos de antigüidade na empresa terán dereito ao disfrute de vacacións retribuídas coas seguintes duracións:

- Aos 65 anos: 1 mes.
- Aos 64 anos: 2 meses.

- Aos 63 anos: 2 meses e medio.
- Aos 62 anos: 3 meses.
- Aos 61 anos: 3 meses e medio.
- Aos 60 anos: 4 meses.

O disfrute destas vacacións farase efectivo coa correspondente antelación ao seu cesamento efectivo, debendo o traballador comunicarlle de forma constatable a súa decisión á empresa. Esta faralle entrega ao traballador que solicite as vacacións dun certificado acreditativo do seu disfrute, en que constará o número de meses a que ten dereito.

Artigo 14º.-Seguro de invalidez ou morte.

As empresas suxeitas a este convenio contratarán un seguro por accidentes de traballo, nos termos previstos no parágrafo seguinte, polas contías de 29.000 euros por invalidez permanente, nos graos de total, absoluta e grande invalidez, e de 20.000 euros no caso de morte.

De supoñer as contías anteriores un incremento con relación ás previstas no convenio anterior, a contratación das novas contías será obrigada para as empresas cando,

publicado este convenio no BOP de Lugo, proceda a renovación da póliza concertada pola empresa por este concepto.

Artigo 15º.-Axudas de custo e quilometraxe.

Todo traballador con dereito a axudas de custo percibirá, a partir da publicación deste convenio no BOP de Lugo, por axuda de custos completa 33 euros e 14 euros por media axuda de custos, ou ben gastos que se xustificarán segundo factura, á elección da empresa.

O traballador que, por necesidades do servizo, teña que se desprazar fóra do lugar onde radique o seu centro de traballo empregando o seu vehículo particular, percibirá por este concepto a cantidade de 0,18 euros/quilómetro. Esta indemnización non operará cando se trate do desprazamento que o traballador teña que realizar ao seu centro de traballo para prestar servizos neste.

Artigo 16º.-Aprendices.

Os anos traballados como aprendiz nunha empresa serán computables para os efectos de duración da aprendizaxe, noutra das mesmas especialidades, logo de certificación do aproveitamento pola empresa anterior, ou certificación de capacitación por un centro de formación profesional.

O tempo de aprendizaxe nunha empresa será computable para os efectos de antigüidade. Para os efectos de determinar os salarios que corresponden, tratarase o establecido na táboa salarial anexa.

Artigo 17º.-Dereitos sindicais.

As empresas vinculadas a este convenio recoñecen os sindicatos debidamente implantados no sector como elemento básico ou representativo, para afrontar a través dos seus delegados de persoal e comité de empresa as necesarias relacións entre traballadores e empresario. Para o exercicio das súas funcións representativas recoñécenselles aos membros dos comités de empresa e delegados de persoal o número mínimo de horas retribuídas mensuais previstas no artigo 68 do Estatuto dos traballadores segundo o número de traballadores de cada centro de traballo, sen que en ningún caso o crédito horario mensual poida ser inferior a 16 horas.

Cota sindical: as empresas, por requirimento dos traballadores ou dos seus representantes sindicais (comité ou delegados), descontarán da nómina mensual do traballador o importe da cota sindical correspondente. O traballador interesado na realización de tal operación remitiralle á dirección da empresa un escrito en que expresará, con claridade, a orde do desconto, a central sindical ou sindicato a que pertence, a contía da cota e o número de contas correntes e entidades onde debe ser transferida a dita cantidade. A dirección da empresa, entregarlle copia da transferencia á representación sindical se a houber.

Taboleiro de anuncios: os delegados de persoal e seccións sindicais constituídos a teor da lexislación vixente disporán dun taboleiro de anuncios para expoñeren

comunicados relativos a problemas laborais da empresa ou do sector.

Artigo 18º.-Compensación en caso de baixa por enfermidade ou accidente.

Nestes supostos, a empresa aboaralles aos seus traballadores o complemento necesario para que, unidas á compensación económica, debida á incapacidade temporal, por accidente de traballo e enfermidade profesional, o traballador perciba o salario que se establece neste convenio a partir do día seguinte ao do inicio da baixa e mentres perciba a indemnización económica a cargo da Seguridade Social, podendo a empresa controlar a evolución da enfermidade ou accidente por medio dos seus servizos; deste ditame médico dependerá a subsistencia do referido beneficio, sen prexuízo das sancións que resulten pertinentes.

Igualmente, no caso de enfermidade común, e a partir da data de publicación deste convenio no BOP de Lugo, o 100 % aboarase a partir das 17 semanas de baixa e, en todo caso, cando exista hospitalización e durante o tempo que dure esta.

Artigo 19º.-Dos traballos tóxicos, penosos e perigosos.

En todo caso, para a súa cualificación e determinación fidedignas -logo de comunicación á empresa do traballador e traballadores supostamente afectados observárase o que determine a autoridade laboral, logo de expediente legalmente tramitado para tal efecto.

En canto á súa retribución e demais aspectos normativos, seguirase o disposto no II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira.

Artigo 20º.

Cando, no cumprimento das obrigas laborais se poidese producir a retirada do carné de conducir, por infracción ou accidente a empresa comprometerase a ocupar o traballador afectado naquelas tarefas que non requiran tal condición. Esta medida non será de aplicación no caso de infracción reiterada ou de retirada definitiva do carné.

Artigo 21º.

A idade de xubilación voluntaria será de 64 anos cumpridos. Todas aquelas empresas as que lles sexa solicitada por un traballador a dita xubilación á idade xa citada, veranse obrigadas a contratar outro traballador, titular de dereito ás prestacións de desemprego ou novo demandante de primeiro emprego, mediante un contrato da mesma condición ca o extinguido na forma e condicións que establece a lexislación vixente.

Artigo 22º.-Normas supletorias.

En todo o non previsto neste convenio colectivo, observarase o disposto no II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira e demais lexislación vixente.

Artigo 23º.-Recoñecemento médico.

As empresas vinculadas a este convenio colectivo están obrigadas á realización dun recoñecemento médico anual para todo o persoal, a través do gabinete técnico provincial de seguridade e hixiene, ou a través da mutua patronal de accidentes de traballo. O tempo empregado

no recoñecemento será aboado pola empresa, quen facilitará os medios de transporte para este desprazamento.

Artigo 24º.-Traballo da muller.

Os dereitos e as obrigas establecidos na lexislación laboral e neste convenio afectarán por igual o home e a muller.

As empresas están obrigadas a pagar, por igual traballo, os mesmos salarios e complementos sen discriminación de sexo.

Para os efectos da extinción do contrato de traballo por causas obxectivas, non se computarán como faltas de asistencia as dos traballadores en período de licenza por maternidade.

Artigo 25º.-Comisión de seguridade e hixiene no traballo.

As partes asinantes acordan constituír unha comisión paritaria provincial sectorial de seguridade e hixiene no traballo, integrada por un representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do convenio e un número de representantes da Asociación de Empresarios de Ebanistería de Lugo, igual ao total das centrais sindicais.

Ambas as representacións se comprometen a manter reunións periódicas, logo de convocatoria de calquera das partes con 15 días de antelación.

As funcións básicas da comisión de seguridade e hixiene terán como obxectivos prioritarios:

1º Promover a observancia das disposicións legais vixentes para a previsión dos riscos profesionais no ámbito do sector.

2º Prestarlles asesoramento aos empresarios e traballadores para evitar e/ou reducir os riscos que atenten contra a integridade física e saúde dos traballadores.

3º Dar a coñecer as normas e os procedementos que en materia de seguridade e hixiene diten os organismos especializados nesta materia.

4º Solicitar informes sobre os resultados estatísticos dos recoñecementos médicos que se lles realicen aos traballadores deste sector.

Cantas outras funcións a comisión se atribúa, orientadas ao desenvolvemento e á mellora da seguridade e hixiene no traballo, no sector, na provincia de Lugo.

Artigo 26º.-Comisión de formación profesional.

As partes signatarias acordan constituír unha comisión paritaria provincial sectorial de formación profesional, integrada por un representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do convenio e un número de representantes da Asociación Provincial de Empresarios de Ebanistería de Lugo igual ao total das centrais sindicais.

Serán funcións desta comisión:

-Requirir das administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta comisión interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con financiamento oficial que afectan o sector de ebanistería, co fin de colaborar tanto nos que estean en marcha coma nos que poidan programar máis adiante.

-Elaborar estudos sobre necesidades e requirimentos de formación profesional no sector para chegar a definir a súa organización e programación, tanto ocupacional coma regulada (observatorio ocupacional).

-Elaborar plans formativos necesarios para conseguir a homologación das cualificacións profesionais dos traballadores técnicos, administrativas e manuais, coas súas equivalentes na Comunidade Económica Europea.

-Cantas outras funcións a comisión se atribúa, orientadas ao desenvolvemento e mellora da formación profesional no sector, na provincia de Lugo.

Artigo 27º.-Complemento de antigüidade.

A partir do 30 de setembro de 1996 non se devengan por este concepto novos dereitos, quedando, polo tanto suprimido.

Non obstante, os traballadores que xerases antes do 30 de setembro de 1996 novos dereitos e contías en concepto de antigüidade manterán a cantidade consolidada na dita data. A contía mencionada figurará na nómina de cada traballador como complemento persoal baixo o concepto de antigüidade consolidada, non sendo tal contía absorbible nin compensable. Para tales efectos, fíxase na táboa salarial anexa o importe do quinquenio consolidado para cada unha das categorías profesionais.

Artigo 28º.-Vinculación á totalidade.

Como queira que as condicións pactadas neste convenio colectivo son o resultado da súa adaptación ao II convenio colectivo estatal para as industrias da madeira, se se dese o caso de que a xurisdición competente anulase ou invalidase, habendo resolución firme, algúns ou todos os seus pactos e, polo tanto, quedase sen efecto o II convenio colectivo estatal pola aplicación do seu artigo 16, o II convenio colectivo estatal deixará de rexer no futuro no que respecta a este convenio colectivo provincial.

Por outra parte, e no suposto de que a xurisdición competente considerase que algunha das condicións pactadas neste convenio colectivo conculca a legalidade vixente ou lesiona

gravemente intereses de terceiros, e como queira que este convenio, na súa redacción actual constitúe un todo orgánico indivisible, terase por totalmente ineficaz, debendo reconsiderar o seu contido íntegro a comisión negociadora.

Disposicións adicionais

Primeira.-As partes asinantes deste convenio consideran o Acordo interprofesional galego sobre os procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo como a canle idónea para a solución dos conflitos colectivos laborais.

Segunda.-As partes asinantes manifestan a súa vontade de impulsar a negociación dun acordo marco para o sector de ebanistería de ámbito galego.

Terceira.-As empresas disporán dun mes, desde a publicación deste convenio no BOP ou Diario Oficial de Galicia, para aboaren as diferenzas salariais entre as cantidades que viñesen percibindo e as que se pactan neste convenio, en concepto de atrasos desde o 1 de xaneiro de 2004 ata a data da publicación.